



Galicia e Marrocos: Unha relación comercial con presente firme e futuro prometedor

Description

No ano 2024, Marrocos consolidouse como unha das economías máis dinámicas do norte de África. Cun PIB nominal próximo aos 150.000 millóns de dólares, segundo datos do Banco Mundial, e cun crecemento real do 3,2 %, lixeiramente inferior ao 3,4 % rexistrado en 2023, a economía marroquina amosa unha notable resiliencia, mesmo fronte ás persistentes secas que afectan seriamente o sector agrícola, clave para o emprego rural. A inflación mantense controlada arredor do 1 %, tamén segundo o Banco Mundial, e a taxa de desemprego sitúase en torno ao 13 %, cunha incidencia especialmente alta entre a mocidade.

O produto interior bruto per cápita nominal acada os 4.200 dólares, situando a Marrocos como a quinta economía africana en termos absolutos, mais probablemente entre as tres máis estables e diversificadas. A diferenza doutros países africanos cunha forte dependencia das materias primas, Marrocos apostou por unha economía máis aberta, con atención preferente a sectores como a automoción, as enerxías renovables ou a agroindustria.

Marrocos e a UE

No plano comercial, Marrocos mantén acordos privilexiados coa Unión Europea, entre os que destaca o Acordo Euromediterráneo de Asociación, que facilita o intercambio de bens e servizos. España é actualmente o seu principal cliente, absorbendo entre o 22 % e o 23 % das súas exportacións, seguida de preto por Francia. Galicia, pola súa banda, mantén dende hai máis dunha década unha balanza comercial positiva con Marrocos, e conta cunha comunidade marroquina en crecemento (máis de 9.400 persoas empadroadas, segundo o INE), o que reforza os lazos sociais e abre a porta a redes comerciais de confianza.

Unha interdependencia crecente con Galicia

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), as exportacións galegas a Marrocos pasaron de 398,7 millóns de euros en 2010 a 1.340,7 millóns en 2024, máis que triplicadas en catorce anos. Tamén as importacións se multiplicaron, pasando de 423,6 a 1.292,1 millóns no mesmo período. Esta interdependencia crecente evidencia non só o dinamismo da relación bilateral, senón tamén o papel de Marrocos como socio estratégico para Galicia.

MÃ¡is alÃ¡ das cifras, resultan especialmente relevantes as tendencias de modernizaciÃ³n, industrializaciÃ³n e urbanizaciÃ³n que Marrocos estÃ¡ a experimentar. Estas transformaciÃ³ns estÃ¡n a xerar unha demanda crecente en sectores nos que Galicia pode achegar experiencia e valor engadido:

Maquinaria e bens de equipo

As exportaciÃ³ns galegas neste sector case se triplicaron nos Ãºltimos catro anos, pasando de 18,9 millÃ³ns de euros a 52,5 millÃ³ns de euros. A industria marroquÃ¡ busca modernizarse e require tecnoloxÃ¡a europea. Empresas galegas de automatizaciÃ³n, enerxÃ¡a, loxÃ¡stica ou procesado de alimentos atopan aquÃ¡ un mercado en expansiÃ³n con necesidades moi concretas.

SoluciÃ³ns de eficiencia enerxÃ©tica, tratamento de augas e xestiÃ³n de residuos

Marrocos lanzou ambiciosos plans de investimento en infraestruturas hÃ¡dricas e plantas de tratamento, nun contexto de crecente estrÃ©s hÃ¡drico. Informes do ICEX subliÃ±an as oportunidades en equipamentos de eficiencia enerxÃ©tica, membranas, bombas e tecnoloxÃ¡as de ciclo integral da auga. Galicia, co seu coÃ±ecemento en xestiÃ³n ambiental e sector hidrÃ¡ulico, e empresas galegas deste sector xa presentes no continente africano, pode posicionarse como provedor de confianza.

FormaciÃ³n tÃ©cnica e servizos educativos

O paÃ¡s aposta por unha FormaciÃ³n Profesional conectada co tecido produtivo. Modelos de â??formaciÃ³n Ã¡ cartaâ?• para empresas, ciclos curtos e unha alta inserciÃ³n laboral xa son unha realidade, como por exemplo o Instituto Juan de la Cierva en TetuÃ¡n, no que se imparten os Grados Medio de Electricidade e AutomÃ¡ticas, InstalaciÃ³ns de TelecomunicaciÃ³ns, Mecanizado e Cuidados Auxiliares de EnfermerÃ¡a; e os Grados Superiores de AutomatizaciÃ³n e RobÃ³tica Industrial e ProgramaciÃ³n da ProduciÃ³n en Moldeo de Metais e PolÃ¡meros. A experiencia galega na FP dual e na cooperaciÃ³n educativa pode atopar aquÃ¡ un terreo fÃ©rtil para alianzas pÃºblico-privadas.

Produtos agroalimentarios e moda rÃ¡pida con deseÃ±o europeo

Galicia importa mÃ¡is produtos do mar de Marrocos dos que exporta (47,3 millÃ³ns de euros fronte a 237,9 millÃ³ns de euros, segundo datos do IGE), mais as vendas galegas a este mercado duplicÃ¡ronse desde 2020. Existe unha oportunidade para posicionar a conserva galega e outros alimentos transformados como produtos premium para os consumidores urbanos marroquÃ¡s. Ao mesmo tempo, Galicia exporta alimentos por mÃ¡is de 14 millÃ³ns de euros anuais, mentres que as importaciÃ³ns alimentarias marroquÃ¡s diminuíron, abrindo espazo para marcas galegas con selo de calidade.

Textil

Este sector amosa unha alta complementariedade. Moitas das importaciÃ³ns estÃ¡n vencelladas a procesos de externalizaciÃ³n de empresas galegas, o que converte a Marrocos nunha peza esencial da sÃ³a cadea de valor. A proximidade xeogrÃ¡fica, os acordos arancelarios e a profesionalizaciÃ³n da man de obra permiten que pequenas e medianas empresas galegas poidan seguir os pasos dos grandes grupos.

Oportunidades e contexto actual

Marrocos non Ã© sÃ³ un mercado prÃ³ximo, a menos de 48 horas por vÃ¡a marÃ¡tima desde Vigo, senÃ³ tamÃ©n unha plataforma de acceso a Ã¡frica Occidental e Central. A sÃ³a crecente rede de acordos comerciais, a estabilidade macroeconÃ³mica e a aposta pola industria e a sustentabilidade consolidan ao paÃ¡s como un hub econÃ³mico en expansiÃ³n. Para Galicia, aproveitar este contexto significa diversificar destinos comerciais, xerar emprego en sectores exportadores e reforzar a sÃ³a proxecciÃ³n internacional. Nun momento no que a integraciÃ³n da poboaciÃ³n migrante e a

convivencia intercultural ocupan un lugar central no debate público, como evidencia o caso recente de Torre Pacheco, c3mpre lembrar que o fortalecemento das relacións bilaterais tam3n contrib3e a previr situacións de conflito social. A cooperaci3n entre Galicia e Marrocos, m3is al3 do econ3mico, pode concretarse en programas de formaci3n profesional dual, iniciativas culturais compartidas ou convenios institucionais que reforcen o di3logo e o desenvolvemento conxunto.

APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

Acci3n exterior de Galicia

ETIQUETAS

Marrocos Marruecos comercio internacional Li3a investigaci3n Econom3a

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Paradiplomacia Econom3a

Date Created

Agosto 20, 2025

Meta Fields

Autoria : 108691

Subtítulo : Marrocos est3 a mudar nun pa3s con crecente dinamismo econ3mico